



# *Homenaxe ás mulleres represaliadas e resistentes de Pontevedra*

Teatro Principal  
27 de novembro de 2015



LUGAR DO CEMITERIO DE BORA ONDE UNHA RAPAZA MARCOU A FOXA  
NA QUE ENTERRARAN A EDELMIRO DIOS



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



## Homenaxe ás mulleres represaliadas e resistentes de Pontevedra

Texto: *Montse Fajardo*



Amelia Sobral



Faustina Fariña, sentada

A recuperación da memoria da brutal represión desatada tras o golpe de Estado de 1936 soe pór o acento nas vítimas masculinas por ser eles os que, en maior número, padeceron a barbarie directa da persecución, o asasinato ou a prisión. Pero iso supón manter, mesmo no necesario exercicio da memoria dolorosamente adormecida durante décadas, o máis inxusto dos castigos sobre as mulleres: o do esquecemento.

Sen embargo, hai nomes de muller que rescatar en todas as tipoloxías de represión: houbo pontevedresas que foron asasinadas, esquecidas en cárceres ou sometidas a arrestos domiciliarios durante anos. Aplicóuselles expedientes de depuración no seu traballo: nas escolas, no concello, en telégrafos. Sufriron castigos machistas como a rapa, a inxestión de aceite de ricino ou a tatuaxe na fronte pola súa actividade sindical e política ou simplemente polo seu parentesco con homes perseguidos. E sobre todo foron elas, todas elas, guerrilleiras na chaira, as obrigadas a convivir co inimigo na interminábel trincheira que foi Pontevedra durante corenta anos de ditadura e abafante silencio. Foron elas as que levaron o loito, as obrigadas a conter as bágoas polo compañeiro, polo fillo, polo pai, polo irmán, na convivencia eterna co represor implacábel, ruín, veciño. E resistiron.

A listaxe de nomes é interminábel e fica incompleta, por iso é

necesario seguir traballando na recuperación da cada historia, de cada nome, de cada rostro, sacándoos do esquecemento inxusto ao que foron condenados durante a ditadura e nas décadas posteriores, xa en plena democracia.

O historiador Xosé Álvarez Castro é unha das persoas que máis loitou contra ese esquecemento e grazas ao seu traballo foron ducias os nomes que saíron do anonimato. Seguindo o seu ronsel é preciso abrir a listaxe das esquecidas lembrando a **Consuelo Acuña Iglesias**, de 60 anos, e a **Elvira Lodeiro González**, de 28, fusiladas en decembro do 36 por ter agochados en Salcedo ao compañeiro de Elvira, Juan Manuel Gómez Corbacho, e ao cuñado de Consuelo, Manuel Méndez Montes, tamén asasinados polos cívicos. Tampouco pode descartarse a implicación dos fascistas nas mortes de **Manuela García Ferro** e **Elisa Fernández López**. O cadáver da primeira atopouse o 13 de setembro de 1936 e o da segunda o 1 de decembro do mesmo ano.

Desde o momento mesmo da sublevación en África, moitas foron as mulleres das distintas parroquias pontevedresas que se amosaron dispostas a loitar pola República. Mulleres como **Amelia Sobral**, que baixou desde Salcedo para defender o Concello coas ferramentas que tiña. Ganchas contra metralletas. Algunhas como **Carmen Abuín**, **Maruja Fandiño**, **Jesusa Domínguez**, **Hermosinda Blanco** ou **María Rodríguez "A Chinita"** acabaron detidas. Outras como **Elvira Fernández**



## Solidarias

Outro aceno solidario dunha muller foi o que permitiu a **Josefa Vázquez**, nai de Edelmiro Dios, saber onde estaba enterrado o seu fillo e recuperar o seu corpo, soterrado ás agachadas polos asasinados no cemiterio de Bora. Unha rapaza viunos e, cando marcharon, marcou o lugar cunha pedra e avisou á familia do Pino. E a redondelá **Elena Pereira Otero** acudiu a Pontevedra a amortallar os corpos sen vida de Telmo Bernárdez e Paulo Novás, asasinados o 12 de novembro.



## A Capirota

En Marín foi asasinada **Carmen Pesqueira "A Capirota"**, e o seu cadáver mutilado paseado nunha camioneta para escarmiento da poboación. Din que a levaron da casa horas despois de que se enfrontara ao sanguinario capitán alemán Bruno Schweiger por darlle unha malleira a un mariñeiro que non fixo o saúdo fascista.

**Gracia**, feridas. Tiña daquela 21 anos e estaba afiliada ao Partido Socialista. Era irmá do executado Germán Fernández e tras saír do hospital o 6 de agosto, ingresou en prisión.


A pesar do cruento da represión, as pontevedresas foron durante anos o agocho dos fuxidos, o abeiro dos presos. **Faustina Fariña Torres** tivo durante tres anos agochado na cheminea da súa casa ao seu irmán Ricardo Fariña "O Louro". **Teresa Paz** ao seu fillo Pastor Torres e ao compañeiro deste, Emilio Peón Méndez, nun tobo na bodega. **Peregrina Montes** leváballe comida a un grupo de fuxidos entre os que estaba o seu irmán Manuel. Son só tres exemplos de centos. No tempo do medo as mulleres amosáronse solidarias e en moitos casos iso custoulles a liberdade, como pasou con **Dolores López**, condenada a doce anos e un día por acoller fuxidos en Salcedo. As irmás **Pilar, María e Josefa Padín** foron detidas por agochar a

Gerardo Bao, xornaleiro de San Brais de 28 anos de idade que acabou sendo fusilado o 31 de xaneiro de 1937, e tamén estiveron presas as irmás **Aurora, Nicereta e María Martínez**



Teresa Paz, sentada

**Fernández**, militantes socialistas alcumadas pola súa profesión As Corseteiras. Destacaran pola súa achega aos presos como presuntas integrantes do *Socorro Rojo*, actividade coa que tamén se vinculou a **Esclavitud e**





Josefina Arruti



Custodia Gama

Estrella Portela, co seu mozo, Tino Gama, fusilado. Con eles, Carmen Portela e unha amiga



Cándida Agulla

**Serafina Dios Vázquez**, responsábeis segundo a memoria oral do bordado da bandeira da Sociedade de Agricultores de Salcedo. A familia de Tucha e Fina, propietaria da ferraría do Pino, foi cruelmente perseguida. O seu irmán Edelmiro foi asasinado, o seu pai apresado e elas afastadas da súa profesión de mestras e retidas na cadea durante un mes.

Outra familia moi perseguida foi a de **Mercedes e Olivia Tomé Loureiro, “as Ranghas”**. O seu irmán Severino foi apresado e multado economicamente por non colaborar co exército sublevado, e tanto Mercedes como a súa nai, **Aurora Loureiro González**, acabaron no cárcere, mentres que Olivia foi rapada por negarse a participar nunha celebración fascista.

Outras veces, as mulleres foron levadas a prisión non pola súa ideoloxía senón polo mero parentesco con homes perseguidos. Foi o caso de **Josefina Arruti Viaño**, esposa do alcalde electo da cidade, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, e tamén de **Emma Mourón Álvarez**, compañeira de Manuel García Filgueira, substituto na alcaldía de Osorio-Tafall quen, no momento do golpe de Estado, ocupaba en Madrid o cargo de subsecretario de Gobernación. Josefina Arruti non chegou a ser xulgada pero pasou dezaoito meses en prisión e ano e medio nun arresto domiciliario que os oito primeiros meses afectou tamén ás súas tres criaturas de

curta idade. O bebé de Emma Mourón, Carlos, pasou con ela o tempo de presidio e Emma atopou nas Corseteiras mans amigas para o seu coidado.

O castigo sobre as mulleres era, en moitos casos, un xeito de presión sobre os homes fuxidos. **Custodia Gama Casalderrey** foi retida e rapada nun intento de obrigala a desvelar o paradiro dos seus irmáns Manuel, Alejandro e Faustino. Este último acabou entregándose para evitar que os fascistas fixesen máis dano á súa moza, **Estrella Portela López**, que tamén fora rapada e tatuada na fronte. A el fusilárono ás poucas horas e ela morreu poucos anos despois sen lograr nunca superar a mágoa. A filla da curmá dos Gama, **Aurora López Gama**, tamén foi rapada, e a súa irmá **Adelina Gama Casalderrey** non puido manter a cordura no seu obrigado exilio.

Custodia Gama foi torturada no cuartel que os cívicos tiñan en Benito Corbal, xusto nos baixos da casa de Josefina Arruti. Lugar da ignominia, alí foron rapadas moitas pontevedresas consideradas non adeptas ao réxime como as veciñas de Salcedo, **Camila Pintos Blanco e Dolores e Hortensia Garrido Couso**. Nesa parroquia tamén lles cortaron o pelo a **Manuela Blanco Agulla e Florinda Blanco. Cándida Agulla** estaba na listaxe por ter participado nunha concentración, pero a señora de Boullosa, que lle tiña cariño porque lle facía





Emilia Carril, A Lamboira



A Vidala, primeira pola esquerda, sentada no chan.




Abaixo, cadea de Santuarrán

## Durísimas condeas

Cadea perpetua chegou a impoñerse a unha veciña de Lourido, a burgalesa **Sebastiana Alonso Tortajada**, polo seu labor sindical e as súas ideas anarquistas. Tras a condena, foi levada ao cárcere das Oblatas de Tarragona. E **Asunción Vilas**, “A Vidala” xunto coas irmás **Adelina e Ramona Otero Martínez** cumpriron condena no durísimo cárcere vasco de Saturrarán, acusadas de participar na requisa de armas. Ademais, Asunción Vilas, destacada sindicalista da lonxa de Marín, foi rapada, ao igual que **Emilia Carril, A Lamboira**, veciña como ela da parroquia de Lourizán e sindicalista do sector da conserva. Tamén a enfermeira **Flora Rey**, tras estar fuxida, foi condenada por excitación á rebelión a seis meses e un día de prisión e acabou sendo indultada en 1945. E a veciña de Cotobade **Benigna Malvar**, de 60 anos, estivo detida pola súa complicidade coa Fronte Popular.

## Humillacións

A humillación sobre as mulleres foi ruín, cruenta e sustentouse en moitos casos na crenza dos fascistas de que o sexo feminino era intelectualmente inferior ao masculino. O informe policial da pontevedresa **Otilia Meis Pintos** dicía textualmente que “con motivo de ser imbécil no se puede precisar su ideal, concurría a las manifestaciones por inducción, era afecta al comunismo por que se dejaba influir por personas que la aconsejaban”. Foi detida, rapada, e despois de que o seu pai, Ramón Meis, fose asasinado, recibiu anónimos con comentarios humillantes sobre os seus últimos momentos de vida.





Carmiña Echevarría



Encarna Silva, rapada, e Santiago Bazarra, en traballos forzados

traballos de costura para o Pazo dos Miradores, intercedeu por ela e librouna da rapa. Aínda así, a propia Cándida, en previsión do que podía acontecer, cortou o pelo para evitar que a puidesen trasquilar e humillar publicamente.

En ocasións a rapa realizábase no propio domicilio das vítimas ou no seu lugar de veraneo como pasou

coas pontevedresas **Marina e Carmiña Echeverría**, que estaban en Vilagarcía. Como sucedera coa familia de Osorio-Tafall, as irmás do gobernador civil de Bizkaia, José Echeverría, foron sometidas durante meses a arresto no seu domicilio da rúa Oliva.

Polo seu parentesco con homes perseguidos foron rapadas tamén **Balbina Vilán**, a muller de Manuel Fraga Fentanes, asasinado o 11 de agosto do 36, **Carmen Rivas Escudero**, irmá do futbolista do Pontevedra Chicho Rivas, desprazado ás Olimpíadas Populares de Barcelona, e **Encarna Silva Silva** quen ademais foi obrigada a inxerir aceite de ricino pola súa relación con Santiago Bazarra, vicepresidente do Partido Socialista no momento do golpe.



Fina e Tucha Otero

Encarna traballaba no Pazo de Leis e a intermediación dos donos logrou afastar a Bazarra das sacas na illa de San Simón e trasladalo ao que os franquistas chamaban batallón de traballadores. Ela, disimulando a rapa coa trenza que lle cortaran suxeita na cabeza, ía visitalo nun carro de bois con outras compañeiras ata a estrada de Covelo á Lama, que se construíu co traballo forzado dos presos.

**Aurelia Garrido** traballaba na Misión Biolóxica, en Salcedo. Polo seu rexeitamento aos sublevados foi rapada e levada ata o centro de Pontevedra, onde a pasearon coa cabeza pelada mentres algúns veciños lle tiraban cousas do lixo como mondas de plátano. A pesar do medo, toda a vida berrou aos catro ventos o que lle fixeran os falanxistas. Porque a pesar do terror imposto, houbo mulleres capaces de denunciar a inxustiza. **Rosalía Tajés**, veciña de San Amaro, foi denunciada por criticar o “movemento nacional” e insultar a un falanxista. As mesmas críticas que levaron á detención de **Sara Outón e Dominga Carballeda**. E a marinense **Elsa Omil** foi pelada por negarse a trasladarse coa familia do Garda Civil para o que traballaba e por pertencer a unha familia perseguida. En setembro de 1937, **Natalia Otero** négase a doar para a “causa nacional” parte do seu soldo como operaria da conserva “Herrero” de Marín, exteriorizando ademais ante as súas compañeiras o seu rexeitamento á medida e a súa simpatía coa Fronte Popular. Impóñenlle unha multa de 50 pesetas e dous meses despois vese obrigada a doar aos sublevados 2,70 pesetas do seu pequeno salario.

As multas económicas e o afastamento da súa profesión foron outras formas de castigo contra as mulleres. As mestras foron especialmente perseguidas polos intolerantes. Xunto ás xa mencionadas Tucha e Fina Dios, é necesario lembrar á redondelá **Ernestina Otero**, docente da Escola Normal de Pontevedra,



a **María Alonso Pérez, Bernarda Pereira Solla, Teresa Núñez, Cristina Pol, Pilar Poza Juncal, Peregrina Martínez Santos, Casimira Amigo Barallón, Bela Bernárdez, Josefa Crespo, María del Carmen Lago Lois, Isabel Fernández, ou Nieves Adrio Sobrido**, todas elas docentes afastadas das súas aulas. Tampouco puideron seguir desempeñando o seu traballo no Concello **Elvira Garrido e Delia Gendra**, nin **Aurora Teijeiro** manter o seu posto de Telégrafos por non ser “adepta ao réxime”. Outras veces, as mulleres víanse afectadas pola depuración laboral dos esposos ou pais. Como exemplo, a familia de Pablo Félix Expósito. Apartado do seu posto como axente de arbitrios do Concello, a súa muller, **Amalia Bahamonde** e as súas fillas, **Amalia e Peregrina Félix Bahamonde** víronse obrigadas a lavar a roupa das familias podentes da cidade e a empregarse en hotéis para poder levar cartos á casa.

Esa foi outra grave consecuencia da represión moitas veces non recoñecida: a das mulleres que non só levaron o loito en silencio, obrigadas a tragar as bágoas, senón que tamén levaron o peso de sacar adiante á familia cando, ao deixalas sen o seu ser querido, deixáronas tamén sen o principal sustento do fogar.



Isabel Bernárdez

Á dereita, Nieves Adrio



Rita Sobrido,  
viúva de Germán  
Adrio, fusilado o  
12 de novembro



Amalia  
Bahamonde  
e familia






Lola Lois, a viúva de Ramiro Paz, coas súas fillas



Amalia Álvarez



Olivia Fariña



Maruja Álvarez

**Rita Sobrido** quedou soa con cinco criaturas que manter cando, o 12 de novembro do 36, as balas fascistas asasinaron ao seu home, Germán Adrio Mañá. As de **Lola Lois** eran nove. Seguiu adiante vendendo teas polos mercados e gasolina nun surtidor de aluguer, despois de que coa vida do seu home, Ramiro Paz, lle quitaran tamén os negocios que supuñan o seu sustento. Mentres, Rita puxo un taller de costura axudada polas fillas do primeiro matrimonio de Germán. Tamén **Carmen Casalderrey Dios** quedou soa con dúas criaturas pequenas o 17 de abril de 1937, cando o seu home Albino Sánchez Leiro “O Perrita”, foi executado polos fascistas. Tivo que sacalos adiante vendendo polas feiras e dedicándose ao estraperlo, como seguiron adiante **Mercedes, a Andaluza**, viúva de Juan Sobral, **Amalia Álvarez**, a muller de Bóveda, ou **Lola Laxe**, que nunca chegou a ser a viúva de Edelmiro Dios, porque o fascismo o asasinou con saña.

Non só ás viúvas lles tocou loitar a soas. Tamén ás mulleres dos agochados, dos presos, como **Rosa ou Olivia Fariña**, -pertencentes a unha das familias máis perseguidas da Moureira, a dos Torreiro-, eran o único sustento da casa no tempo no que os seus respectivos maridos estiveron privados de liberdade. Foi unha situación que ademais se prolongou

durante anos porque xa na década dos 40, **Maruja Álvarez**, a muller de Jesús González, “o Suma”, tiña que refuxiarse na casa da familia cada vez que as actividades clandestinas do seu marido no Partido Comunista provocaban o seu arresto e o precinto do bar que lles supuña o sustento. “O Suma” acabou intentando fuxir de España e todos os indicios apuntan a que lle quitaron a vida no intento. A súa familia nunca volveu velo. Tamén Pastor Torres foi detido a finais dos anos 40, deixando en difícil situación á súa muller, **Eulalia Carro**, veciña de Salcedo que nos seus tempos mozos prestara

axuda aos presos de Figueirido xunto co seu pai, Severino. Ata a súa recente morte, en agosto de 2015, gardou Eulalia as caixas de madeira que, en agradecemento, lle fixeran os presos.



A historia impuxo ás familias dos asasinados un esquecemento que, sen embargo, non lograron conseguir dos represores, que mantiveron o pé no xugo durante décadas.

A primeira vez que **Aurora Poza Pastrana** entrou en Olmedo tras o asasinato do seu home, José Adrio, e o seu irmán Luís Poza Pastrana aquel aciago 12 de novembro, os empregados déronlle as costas e tivo que marchar sen ser atendida. Algunhas das persoas que durante anos adularon a Josefina Arruti por ser a muller do poderoso político, insultábana pola rúa cando saíu do arresto domiciliario. E a Amalia Álvarez, viúva de Alexandre Bóveda, cuspiéronlle no velo negro do loito mentres berraban, “*Aí vai a muller dun asasino*”.

Pero na persistente guerra que durante corenta anos nubrou Galiza coa máis espesa e abafante das néboas, as mulleres resistiron, con acenos por trincheira, negándose a esquecer.

Despois de que o cadáver mutilado do seu home, Aurelio Torres Lorenzo, aparecera nunha curva de Bora o 23 de agosto de 1936, **Isolina Villaverde Cendón** pensou que tolearía pero seguiu adiante, apoiándose no duro traballo da leira, afogada no abafante silencio, nese silencio cruel e terríbel que din gardara a súa sogra, **Josefa Lorenzo**, o día que lle levaron o fillo. Sacáronllo da casa de enfrente e chamouna a berros para despedirse dela pero, segundo transmitiu a memoria oral, Josefa gardou silencio e non asomou a velo por última vez. Como ela, Isolina calou ata a morte, con ninguén máis volveu falar do que pasara, xamais, pero cada tarde apoiaba na porta do camposanto o sacho co que descargaba a rabia na terra, e entraba a falar co seu home, sepultado nunha tumba sen lápida. A memoria de Isolina foi íntima pero tamén moi resistente, e nas case sete décadas que lle quedaron por vivir non volveu xamais pisar unha igrexa, xa que tampouco deixaran entrar na igrexa o cadaleito de Aurelio. Non foi a voda dos fillos, nin aos impostos bautismos. Non sen el.



Lali Carro e Pastor

Isolina Villaverde,  
coa súa filla Lola

### Exilio

*Isabel Gómez Costas, viúva de Telmo Bernárdez, optou polo exilio, en Portugal primeiro e logo en México.*

*Un exilio que tamén afectou a moitas outras mulleres como Virxinia Pereira, esposa de Castelao, ou Mercedes Magdalena, que fuxiu tras o asasinato do seu irmán Juan.*





Familia  
Zbarsky Kuper



## A memoria das mulleres foi eterna

### Carta de Jacobo Zbarsky á súa nai, Sofía Kúper

Pontevedra, 9 de agosto de 1936.

Queridos míos:

Querida madre, perdóname este último gran disgusto que te doy. Dentro de 3 horas moriré, tú bien sabes cuanto te quiero, sin embargo no he querido ver a ninguno de vosotros por última vez, porque si así lo hiciera no tendría el valor de afrontar mi suerte.

Mis últimos pensamientos serán en todos vosotros, sobre todo en ti, madre mía. Estoy tranquilo, creo que esta tranquilidad me acompañará hasta el último momento. Piensa, madre mía, que si pierdes un hijo, por ningún ideal más justo.

Yo puedo sacrificar mi vida, te queda otro hijo y mucha más familia que harán todo lo posible por consolarte.

Os beso y abrazo a todos queridos, sobre todo a ti, madre.

Tu hijo, que siempre te ha querido y te querrá mientras viva”.

Coas primeiras pesetas que cobrou pola pensión, xa en democracia, Carmen Casalderrey mercou o anel que non tivera cando, minutos antes de que o fusilaran, casou con Albino Sánchez. “Se a volvo ver chorar, denúncioa” díxolle o cura a Balbina Vilán cando quedou viúva, e ela aprendeu a chorar en silencio, pero para que a historia de Manuel Fraga Fentanes non se perdera fíxolle un poema que memorizou e ensinou a fillas e netas.

**Sofía Kuper**, viúva de Abraham Zbarsky, gardou toda a vida a emotiva carta que momentos antes de morrer lle escribira o seu fillo Jacobo, ao que tamén asasinaron, e **Cinta Rey** a fotografía que fixo abrazada ao piñeiro no que o seu fillo Víctor Casas deixara o seu último alento de vida. Quitoulla Amalia Álvarez, quen tamén conservou, durante toda a vida, cascotes desa árbore onde o 17 de agosto fora fusilado Alexandre Bóveda. *Choliña, por qué choras?*, preguntáralle el unha das últimas noites de xullo ao sentila saír con bágoas dun pesadelo. *Soñei que un home te mataba... Pero muller, quen me vai facer dano a min, se nunca fixen mal?*

As viúvas, as nais, as orfas, nunca puideron despertar do pesadelo do terror inxusto, pero deixáronnos un ronsel de memoria que é de xustiza percorrer.

**Grazas a Xosé Álvarez Castro, Luís Bará, Rafa Quintía, Celso Milleiro e, sobre todo, ás familias de moitas das vítimas, polas fotografías e pola información facilitada para facer este texto.**





## *A dor e o amor de Cinta Rey*

Esta imaxe é un grandioso monumento da memoria. Ao mesmo tempo é un acto heroico, unha valente declaración de rebeldía, de resistencia, de dignidade. É tamén unha das máis completas reproducións dunha dor interminábel, invisíbel, permanente. Unha dor que non deixou rastro escrito, que non figura nos rexistros do crimes nin nos arquivos da memoria. Pero na decisión de ir alí, ao monte da Caeira, ao km 1 da estrada de Campañó, tinxido co sangue de Alexandre Bóveda, de Víctor Casas e de moitos máis, hai unha mensaxe estremecedora, a confesión do sufrimento, do silencio e do orgullo dunha nai e dunha compañeira.

A muller da fotografía é Cinta Rey, nai de Victor Casas Rey, asasinado nese lugar o 12 de novembro de 1936. A

muller que tomou a imaxe é Amalia Álvarez Gallego, a compañeira de Alexandre Bóveda, asasinado ao pé dese piñeiro o 17 de agosto de 1936. O día que foron alí, escribiron unha fermosa historia de amor e de rebeldía: un amor e unha rebeldía íntimas, silenciosas, soterradas, mais que hoxe emerxen como testemuños da grandeza de dúas mulleres que nun tempo de terror decidiron lembrar, facer memoria, levantar acta gráfica dos crimes.

Esta imaxe fálanos dunha historia que nos roubaron, que non foi contada. A historia estremecedora de miles de mulleres represaliadas e resistentes, cuxas vidas seguen aínda nos recantos máis escuros da historia, agardando. O relato das múltiples formas do horror e do sufrimento nos longos anos do silencio. Mais tamén é unha historia fermosa, que nos fala de fidelidade, de orgullo, de amor sen condicións e sen límites. O acto de facer esa foto, de gardar esa imaxe coma un tesouro familiar, era tamén un acto privado de resistencia, de combate contra a desmemoria, de denuncia dos crimes.

Hoxe ese lugar do terror e da memoria non existe. Foi devorado por enormes edificios que gavean polas abas do monte da Caeira e Montecelo. Mais fica esta imaxe, con toda a súa enorme carga de amor e de dor. E queda a exemplaridade de dúas mulleres, Cinta e Amalia, que no medio daquela noite e daquel horror, quixeron lembrar. Esa é a súa vitoria, ese é o noso compromiso.

**Luis Bará**  
**Do blog "Non des a esquecemento"**





a  
memoria  
das  
mulheres



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA